



**D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RÍO, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data **26 de xullo de 2016**, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

**“8. LICITACIÓN E CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVAS:**

**8.1. Adxudicación quiosco de refrescos na praia fluvial da Calzada de Ponte Caldelas**

**A continuación se lle da lectura a proposta da Alcaldía redactada nos seguintes termos:**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Por Resolución de Alcaldía nº 315/2016 incoouse do expediente para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, oferta economicamente máis vantaxosa, único criterio de adxudicación, para a explotación dun quiosco de refrescos na praia fluvial da Calzada de Ponte Caldelas.

Por Resolución de Alcaldía nº 319/2016 de 04.07.16 aprobouse o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de explotación por procedemento negociado sen publicidade e se solicitaron ofertas a catro empresarios. Destes catro só se presentaron dous e en data 11.07.16 se procedeu á apertura dos sobres coas ofertas. Procedeuse ó requirimento de subsanación dos sobres B e, por diversas circunstancias, os dous desistiron no procedemento.

Por Resolución de Alcaldía nº 339/2016 de 13.07.16 aprobouse a modificación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato e se solicitaron ofertas ós seguintes:

- D. Andrés Orge Baqueiro
- D<sup>a</sup> Lorena Martínez Rocha
- D. Fernando Silva Rodríguez
- D. Víctor Manuel Baqueiro Amoedo
- D. Víctor Manuel Villaverde López
- D<sup>a</sup> Raquel Díaz Lains
- D. Morya Rudolph
- D<sup>a</sup> Marina Crespo Casal

Por providencia del Alcaldía de 14.07.16 invitouse tamén a D<sup>a</sup> Pilar Ribadulla Malleiro.

Visto que en data 16.07.16 presentaron ofertas dous licitadores en data 18.07.16 o Sr. Alcalde, asistido pola Secretaria e a Interventora, procedeu á apertura dos sobres A, declaración responsable. Unha vez abertos os sobres A procedeuse á apertura dos sobres B, e os licitadores ofertaron como melloras as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	Puntuación
D. Pablo Alonso González	300 €	4,53
D. Víctor Manuel Villaverde López	661,98 €	10

Por Resolución de Alcaldía nº 349/2016 de 18.07.16 declarouse coma oferta economicamente mais vantaxosa para o contrato de explotación dun quiosco de refrescos na

praia fluvial da Calzada de Ponte Caldelas a presentada por D. Víctor Manuel Villaverde López, ao obter a maior puntuación, de conformidade co disposto nos Pregos que rexen a contratación e a oferta presentada en data 16.07.16, por un importe de 661,98 € en melloras. Se lle requiriu ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e de constituír a garantía definitiva por un importe de 13,98 €. Requiríuselle ao adxudicatario a presentación dos resgardos acreditativos da fomalización e pagamento das pólizas de responsabilidade civil e de cobertura de mobiliario e enseres, presentación que deberá facerse antes da formalización do contrato.

Consta no expediente informe do ORAL de data de entrada no Concello o 19.07.16 conforme o interesado non ten débedas coa Facenda municipal.

En data 21.07.16 o interesado presentou no rexistro do Concello os certificados de estar ó corrente con Hacienda, Facenda e Seguridade Social así como o ingreso efectuado na conta do Concello en concepto de garantía definitiva por un importe de 13,98 €.

En data 22.07.16 o interesado presentou o seguro do continente e contido do quiosco, así como o recibo pagado.

Á vista de todo o exposto, do regulado no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **propoño á Xunta de Goberno Local que acorde:**

**PRIMEIRO:** Adxudicar o contrato de explotación dun quiosco de refrescos na praia fluvial da Calzada de Ponte Caldelas a D. Víctor Manuel Villaverde López de conformidade co disposto nos Pregos que rexen a contratación e a oferta presentada en data 16.07.16, por un importe de 661,98 € en melloras e cun canon de 279,50 € polo período de xullo a decembro de 2016.

**SEGUNDO:** Notificar ó adxudicatario o presente acordo e requirirle para a sinatura do contrato en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 do Real decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de CSP.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo ós interesados e que se publique no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

**A Xunta de Goberno Local por UNANIMIDADE dos concelleiros asistentes ACORDA aprobar a antedita proposta.”**

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Ponte Caldelas a 27 de xullo de 2016.

Vº e Prº  
O Alcalde,  
  
Asdo.: Andrés Díaz Sobral

A Secretaría,  
  
Asdo.: Mª Beatriz Del Cerro Del Río